




Axencia Tributaria
de **Galicia**

Informe de Actividade 2015



INFORME XERAL DE ACTIVIDADE DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA

EXERCICIO 2015

INDICE

RELACIÓN DE ACRÓNIMOS.....	5
1. INTRODUCCIÓN.....	7
2. ÁREA DE COLABORACIÓN SOCIAL, INFORMACIÓN E ASISTENCIA.....	15
3. ÁREA DE XESTIÓN TRIBUTARIA.....	39
4. ÁREA DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA.....	51
5. ÁREA DE RECADACIÓN.....	57

RELACIÓN DE ACRÓNIMOS

AEAT: Agencia Estatal de Administración Tributaria.

ALIS: Axuda para a liquidación do imposto sobre sucesións.

ATRIGA: Axencia Tributaria de Galicia.

CA: Canon da auga.

CE: Canon eólico.

DGT: Dirección General de Tráfico.

DOG: Diario Oficial de Galicia.

FNMT: Fabrica Nacional de Moneda y Timbre.

ICA: Imposto sobre a contaminación atmosférica.

ICAM: Imposto compensatorio ambiental mineiro.

IDMAE: Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada.

IP: Imposto sobre o patrimonio.

IRPF: Imposto sobre a renda das persoas físicas.

ISD: Imposto sobre sucesións e doazóns.

ITP-AXD: Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

LXT: Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

NRC: Número de referencia completo.

ODH: Oficinas de distrito hipotecario.

OLDH: Oficinas Liquidadoras de distrito hipotecario.

OVT: Oficina virtual tributaria.

PADRE: Programa de ayuda para la declaración de la renta.

SSCC: Servizos centrais.

TIC: Tecnoloxías da información e comunicación.

I. INTRODUCCIÓN

I.1. Natureza e funcións da Axencia Tributaria de Galicia

O artigo 10 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas autorizou ao Consello da Xunta de Galicia para crear a ATRIGA, como axencia pública autonómica, adscrita á consellería competente en materia de facenda, e como instrumento para a realización das funcións administrativas de aplicación dos tributos e demais funcións e competencias atribuídas na citada lei, e para a realización das que se lle puideran atribuír ou encomendar mediante unha lei ou un convenio.

A ATRIGA ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, patrimonio e tesouraría propios e goza de autonomía funcional, financeira e de xestión para o cumprimento dos seus fins, conforme ao previsto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A ATRIGA ten por principais obxectivos:

- a) Garantir que se cumpra o principio constitucional en virtude do cal todos deben contribuír ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica, mediante actuacións de control e de colaboración con outras administracións públicas dirixidas á detección e regularización dos incumprimentos tributarios.
- b) Garantir que as actuacións administrativas que desenvolva en exercicio das súas funcións minimicen os custos indirectos derivados das exigencias formais necesarias para o cumprimento das obrigas tributarias.
- c) Fomentar o cumprimento voluntario das obrigas fiscais mediante accións de concienciación e sensibilización, prestación de servizos de información e asistencia ao contribuínte e calquera outra que, de modo directo ou indirecto, vaian encamiñadas a tal obxectivo.

A ATRIGA desempeña tamén as seguintes funcións:

- a) A aplicación e o exercicio da potestade sancionadora dos tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, en concreto o Canon da auga e o coeficiente de verquido, o Canon eólico, o Imposto sobre a contaminación atmosférica e o Imposto sobre o dano ou dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada.
- b) A aplicación e o exercicio da potestade sancionadora dos tributos estatais cedidos á Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) A aplicación e o exercicio da potestade sancionadora das recargas que se establezan sobre os tributos estatais.
- d) A aplicación e o exercicio da potestade sancionadora doutros tributos estatais ou locais recadados en Galicia que poida asumir por delegación ou encomenda.
- e) A recadación dos ingresos de dereito público de natureza non tributaria que a normativa atribúa á consellería competente en materia de facenda.
- f) A revisión en vía administrativa das actuacións e actos realizados no exercicio das funcións anteriores, con excepción das reclamacións económico-administrativas, de revisión de actos nulos de pleno dereito e daquelas outras que por lei específica se atribúan a outros órganos.
- g) A colaboración e coordinación coas demais administracións tributarias e, en particular, a participación nos órganos de goberno da AEAT ou, de ser o caso, nos das entidades que se creen en relación coa aplicación dos tributos en Galicia.

A actividade da ATRIGA fundaméntase nos seguintes principios e regras de actuación:

- a) Legalidade, obxectividade, eficacia e universalidade na aplicación dos tributos, con pleno respecto aos dereitos e ás garantías dos cidadáns.
- b) Loita contra as diversas formas de fraude fiscal.
- c) Eficacia e responsabilidade na xestión da información.
- d) Información e servizo aos cidadáns, prestando unha atención especial aos contribuíntes, reducindo ao mínimo os custos de tramitación e facilitando o cumprimento voluntario das obrigas tributarias.
- e) Coordinación e cooperación co resto das administracións tributarias.
- f) Colaboración social e institucional cos colexios profesionais e con outras corporacións de dereito público e asociacións profesionais do ámbito tributario co fin de facilitar ao máximo aos contribuíntes o cumprimento das súas obrigas e dos seus deberes tributarios.
- g) Adaptación continua aos cambios do ámbito económico e social e atención ás novas necesidades dos cidadáns.
- h) Transparencia na fixación de criterios na súa actividade.
- i) Impulso do emprego e aplicación de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticas.
- j) Especialización e cualificación do persoal ao servizo da ATRIGA.
- k) Xestión transparente por obxectivos, en particular na loita contra a fraude.

1.2. Tributos obxecto de aplicación

Correspóndelle á ATRIGA as funcións de aplicación dos seguintes impostos.

Impostos propios:	Canon da auga (CA) ¹ Canon eólico (CE) Imposto sobre a contaminación atmosférica (ICA) Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada (IDMAE) Imposto compensatorio ambiental mineiro (ICAM)
Impostos cedidos:	Imposto sobre sucesións e doazóns (ISD) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITP-AXD) Imposto sobre o patrimonio (IP) Tributos sobre o xogo

Así mesmo correspóndelle a recadación de ingresos de dereito público que non teñen o carácter de ingresos tributarios. De entre este tipo de ingresos, de unha gran diversidade, pódense citar, pola súa importancia e frecuencia:

- As sancións administrativas impostas por distintos órganos das Consellerías e que se recadan, tanto en período voluntario como executivo e só en executiva cando son sancións de organismos autónomos ou entes públicos.

¹ A xestión correspóndelle a Augas de Galicia. A ATRIGA compételle a recadación en período executivo.


- Os reintegros de axudas e subvencións nos supostos previstos na Lei de Subvencións de Galicia e cuxa recadación, tamén tanto en período voluntario como executivo, e con respecto a calquera órgano da Xunta, incluídos os Organismos Autónomos.

I.3. Organización e estrutura

A ATRIGA dispón dos seguintes órganos de goberno, dirección, apoio e control:

- a) A Presidencia e o Consello Reitor: son os órganos de goberno da axencia, ostentando a Presidencia a persoa titular da consellería competente en materia de facenda e estando composto o Consello Reitor por:
 - A persoa titular da Presidencia da ATRIGA, que preside dito órgano.
 - A persoa titular da Dirección da ATRIGA, a quen corresponde a vicepresidencia de dito órgano.
 - A persoa titular do órgano de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de patrimonio.
 - A persoa titular do órgano de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de orzamentos.
 - A persoa titular do órgano de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de tesouraría da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - A persoa titular do órgano de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de función pública.
 - A persoa titular da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
 - A persoa titular da Dirección Xeral do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable.
- b) A Dirección, como órgano de dirección.
- c) Comité de Dirección, como órgano de apoio.
- d) A Comisión de Control, como órgano de control.

Por outra banda, a ATRIGA estrutúrase nas unidades administrativas que se amosan no organigrama da seguinte páxina.



1.4. Orzamento

A ATRIGA dispón de capítulo I, capítulo II e capítulo VI, cuxa execución en termos orzamentarios foi a seguinte:

Capítulo I: Gastos de persoal:

Concepto	Crédito Inicial	Modificacións	Crédito vixente	Execución	%
Retribucións de altos cargos	51.789 €	0 €	51.789 €	53.626 €	103,5%
Funcionarios	9.063.521 €	290.672 €	9.354.193 €	9.230.759 €	98,7%
Laborais	423.309 €	0 €	423.309 €	502.086 €	118,6%
Cotas e gastos sociais	1.860.610 €	261.419 €	2.122.029 €	2.119.338 €	99,9%
Totais 2015	11.399.229 €	552.091 €	11.951.320 €	11.905.809 €	99,6%
Totais 2014	11.399.229 €	273.811 €	11.673.040 €	11.650.601 €	99,8%
Variación 2015 / 2014	0,0%	101,6%	2,4%	2,2%	

Capítulo II: Gastos en bens correntes e servizos

Concepto	Crédito Inicial	Modificacións	Crédito vixente	Execución	%
Edifícios e outras construcións	25.760 €		25.760 €	25.364 €	98,5%
Equipamentos para procesos de información	9.200 €		9.200 €	10.993 €	119,5%
Ordinario non inventariable	68.080 €	-9.584 €	58.496 €	84.202 €	143,9%
Prensa e publicacións	46.000 €		46.000 €	44.749 €	97,3%
Material informático N.I.	6.992 €		6.992 €	5.590 €	79,9%
Enerxía eléctrica	92.000 €		92.000 €	73.335 €	79,7%
Auga	2.600 €		2.600 €	945 €	36,4%
Outras subministracións	2.575 €		2.575 €	4.535 €	176,1%
Subministracións telefónicas	56.120 €		56.120 €	40.441 €	72,1%
Subministracións postais	345.920 €	-41.246 €	304.674 €	306.497 €	100,6%
Transportes	552 €		552 €	267 €	48,5%
Xurídicos, contenciosos		125.000 €	125.000 €	119.683 €	95,7%
Outros	1.932 €		1.932 €	3.922 €	203,0%
Limpeza e aseo	119.416 €		119.416 €	123.248 €	103,2%
Seguridade	29.164 €		29.164 €	50.848 €	174,4%
Valoracións e peritaxes	27.000 €		27.000 €	228.850 €	847,6%
Custodia, depósito e almacenaxe	36.309 €		36.309 €	86.963 €	239,5%
Remuneración axentes mediadores independentes	691.621 €	3.275.323 €	3.966.944 €	3.798.779 €	95,8%
Premios de cobranza	301.703 €	2.406.767 €	2.708.470 €	2.614.684 €	96,5%
Axudas de custo	7.084 €		7.084 €	3.585 €	50,6%
Locomoción	16.744 €		16.744 €	10.795 €	64,5%
Totais 2015	1.886.772 €	5.756.260 €	7.643.032 €	7.638.274 €	99,9%
Totais 2014	1.958.733 €	6.178.660 €	8.137.392 €	7.829.945 €	96,2%
Variación 2015 / 2014	-3,67%	-6,84%	-6,08%	-2,45%	

Capítulo VI: Inversións reais

Concepto	Crédito Inicial	Modificacións	Crédito vixente	Execución	%
Adquisición de mobiliario e enseres	9.000 €	-	9.000 €	5.331 €	59,24%
Obras menores. Edifícios e outras construcións	13.960 €	-	13.960 €	12.744 €	91,29%
Investimento inmaterial	250.000 €	-	250.000 €	246.495 €	98,60%
Totais 2015	272.960 €	-	272.960 €	264.570 €	96,93%
Totais 2014	28.000 €	247.100 €	275.100 €	256.614 €	93,28%
Variación 2015 / 2014	874,9%	-	-0,8%	3,1%	

No que se refire ao orzamento de ingresos, compre mencionar que a práctica totalidade do mesmo procede das transferencias de financiamento da Consellería de Facenda.

O detalle de execución do orzamento de ingresos é o seguinte:

Concepto	Importe
Taxas	112.954 €
Xestión recadatoria	700.177 €
Outros xuros e asimilados	2.430 €
Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	2.836 €
Transferencias Correntes	18.911.598 €
Transferencias de Capital	264.570 €
Totais 2015	19.179.004 €
Totais 2014	20.180.530 €
Variación 2015/2014	-5,0%

1.5. Persoal

Durante o exercicio 2015 prosegue a liña de continuidade marcada co inicio de actividade da ATRIGA.

Non obstante, a relación de postos de traballo desta axencia sufriu unha variación substancial aprobada pola Resolución do 13 de maio de 2015 (DOG nº 90, do 15 de maio), que ten a súa xénese na execución da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Coa modificación sinalada posibilitouse a apertura de postos de traballo a distintos subgrupos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, favorecendo deste xeito a cobertura e permanencia do persoal funcionario nos postos adquiridos e, en consecuencia, promover o máximo nivel de calidade na prestación dos servizos públicos.

Concretamente, as modificacións realizadas foron as que se sinalan:

1. Creación dos postos denominados Unidades de Apoio Administrativo, nivel 18, de adscrición indistinta para os subgrupos C1 e C2.
2. Modificación dos Postos Base Subgrupo C1, que pasan a denominarse Xefaturas de Grupo, nivel 14, de adscrición indistinta para os subgrupos C1 e C2.

Por outra banda, mediante Resolución de 29 de maio de 2015 (DOG nº 101, do 1 de xuño) aprobouse a amortización de catro (4) postos nos servizos centrais da ATRIGA, coa finalidade de financiar a creación de tres (3) novos postos, que se materializará na posterior e prevista modificación da RPT na anualidade 2016.

O cadro de persoal a 31/12/2015 quedou configurado da seguinte maneira:

	<i>Total</i>	<i>Corpo xeral</i>	<i>Escala finanzas</i>	<i>Corpo xeral/ Escala finanzas</i>	<i>Corpos especiais</i>	<i>Corpos especiais/ Escala finanzas</i>	<i>Laborais</i>
SS.CC.	60	31	25	2	1	1	0
A CORUÑA	95	61	25	0	6	0	3
LUGO	51	32	16	0	3	0	0
OURENSE	59	37	19	0	3	0	0
PONTEVEDRA	58	35	20	0	3	0	0
VIGO	68	42	21	0	4	0	1
TOTAL	391	238	126	2	20	1	4

2. ÁREA DE COLABORACIÓN SOCIAL, INFORMACIÓN E ASISTENCIA

2.1. Funcións e organización

A estrutura organizativa da ATRIGA ten entre os seus obxectivos potenciar a información e asistencia ao contribuínte. Con esta finalidade existe unha área específica de colaboración social, información e asistencia na esfera central así como os Departamentos de Información e Asistencia en cada unha das cinco Delegacións Territoriais.

Ademais, a ATRIGA conta 29 oficinas (Oficinas de Distrito Hipotecario, en diante ODH) correspondentes ás provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra que realizan tarefas de recepción das autoliquidacións tributarias, onde se informa e asiste aos contribuíntes sobre o cumprimento das súas obrigas formais relativas exclusivamente a dita presentación.

Para a información relativa ás obrigas materiais ou formais que no se derivan directamente de dita presentación, a ATRIGA informa aos contribuíntes de forma presencial (polas Delegacións Territoriais de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo e as 13 Oficinas Liquidadoras de Distrito Hipotecario da provincia de A Coruña OLDH), telefónica e telemática.

Por outra banda, para acadar unha maior eficacia na asistencia e no control do cumprimento tributario é necesario potenciar a colaboración social na aplicación dos tributos. Dita colaboración instruméntase a través de acordos da Administración tributaria con outras Administracións públicas, con entidades privadas ou con institucións ou organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais.

En definitiva, esta Área ten como funcións as previstas no artigo 117 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (en diante LXT), se organiza a través de dous departamentos en servizos centrais: o Departamento Central de Estudos, Información e Asistencia e o Departamento de Colaboración Social e Administrativa.

○ primeiro deles ten como principais funcións:

- a) A coordinación dos departamentos de Información e Asistencia Tributaria das delegacións, outros órganos de xestión e de calquera outra organización que preste servizos propios da Axencia, en materia de información e asistencia tributaria.
- b) A xestión do contido da oficina virtual tributaria.
- c) A elaboración e mantemento dos modelos oficiais de declaracións tributarias e de calquera documento normalizado.
- d) Mantemento da base de datos do coñecemento, así como a recompilación e publicación dos textos actualizados das normas tributarias e da doutrina administrativa de maior transcendencia.
- e) A tramitación dos procedementos de revogación e dos procedementos especiais de revisión de actos nulos de pleno dereito e de declaración de lesividade de actos anulables.
- f) A proposta de instrucións ou circulares no seu ámbito de competencias.

○ Departamento de Colaboración Social e Administrativa, ten como principais funcións:

- a) A colaboración e o intercambio de datos e información cos órganos de control e inspección autonómicos e doutras administracións públicas e, en particular, co Consello de Contas, a Inspección de Servizos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, co Consello Superior para a Dirección e Coordinación da Xestión Tributaria e co Consello Territorial para a Dirección e Coordinación da Xestión Tributaria.
- b) Canalizar as relacións entre os órganos da ATRIGA e os órganos económico-administrativos e os xuíces e tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

- c) A elaboración de informes para a proposta de interposición de recursos contencioso-administrativos, o seguimento e control en materia de medidas cautelares e de execución de resolucións, autos e sentenzas, canalizando a relación coa Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

2.2. Actuacións de Información e asistencia

2.2.1. RECEPCIÓN DE DECLARACIÓNS

A recepción de declaracións tributarias (autoliquidacións) lévase a cabo a través de dúas modalidades: presencial e telemática.

En Galicia existen 47 oficinas onde se poden presentar as autoliquidacións tributarias e se informa e asiste aos contribuíntes sobre o cumprimento das obrigas formais relativas a dita presentación.


Oficinas	Número
Delegacións territoriais da ATRIGA en A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo	5
OLDH da provincia de A Coruña	13
ODH da provincia de Lugo	10
ODH da provincia de Ourense	10
ODH da provincia de Pontevedra	9
TOTAL	47

Estas oficinas de presentación reciben autoliquidacións dos impostos xestionados polas Delegacións da ATRIGA (ISD e ITPeAXD).

A continuación reproducense as autoliquidacións presentadas na modalidade presencial e telemática, cunha comparativa dende o ano 2009 ata 2015:


Evolución das autoliquidacións presentadas por Internet/Papel para todos os impostos:

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
<i>Autoliquidacións Internet</i>	192.210	208.972	207.533	210.141	211.618	257.566	281.847
<i>Autoliquidacións papel</i>	222.090	209.252	185.133	172.430	155.254	139.239	129.382
<i>Total autoliquidacións presentadas</i>	414.300	418.224	392.666	382.571	366.872	396.805	411.229




Evolución das autoliquidacións presentadas por Internet/Papel para ITPAXD (sen VEH):

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Autoliquidacións Internet	69.970	79.031	76.568	75.524	69.525	76.368	85.683
Autoliquidacións papel	140.244	129.900	112.093	101.319	83.940	72.365	68.357
Total autoliquidacións presentadas	210.214	208.931	188.661	176.843	153.465	148.733	154.040




Evolución das autoliquidacións presentadas por Internet/Papel para VEH:

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Autoliquidacións Internet	57.780	59.342	53.653	50.556	55.347	64.198	61.849
Autoliquidacións papel	39.640	40.589	37.604	38.039	41.591	40.841	35.793
Total autoliquidacións presentadas	97.420	99.931	91.256	88.595	96.938	105.039	97.642




Evolución das autoliquidacións presentadas por Internet/Papel para Sucesións:

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Autoliquidacións Internet	53.907	59.923	66.443	73.299	74.752	81.464	88.579
Autoliquidacións papel	33.357	30.352	28.028	26.067	23.794	21.932	21.422
Total autoliquidacións presentadas	87.264	90.275	94.471	99.366	98.546	103.396	110.001




Evolución das autoliquidacións presentadas por Internet/Papel para Doazóns:

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Autoliquidacións Internet	1.390	1.521	1.369	1.440	1.910	2.429	2.558
Autoliquidacións papel	4.117	3.677	3.446	3.483	3.822	4.004	3.810
Total autoliquidacións presentadas	5.507	5.198	4.815	4.923	5.732	6.433	6.368



Evolución das autoliquidacións presentadas por Internet/Papel para Máquinas recreativas:


	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Autoliquidacións Internet	8.859	8.677	8.939	8.712	9.181	42.889	42.204
Autoliquidacións papel	3.694	3.705	3.163	2.876	1.886	-	-
Total autoliquidacións presentadas	12.553	12.382	12.102	11.588	11.067	42.889	42.204



Desde 2014 é obrigatorio presentar a autoliquidación para Máquinas recreativas telematicamente.

Evolución das autoliquidacións presentadas por Internet/Papel para Bingo:

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Autoliquidacións Internet	53	208	267	302	454	119	138
Autoliquidacións papel	978	820	707	585	221	-	-
Total autoliquidacións presentadas	1.031	1.028	974	887	675	119	138




Evolución das autoliquidacións presentadas por Internet para Canon Eólico:

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Autoliquidacións Internet	-	-	-	-	-	58	191
Total autoliquidacións presentadas	-	-	-	-	-	58	191

As autoliquidacións polo Canon eólico se presentan sempre telematicamente.

Evolución das autoliquidacións presentadas por Internet/Papel para ICA:

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Autoliquidacións Internet	6	59	86	96	214	302	404
Autoliquidacións papel	162	105	92	61	-	-	-
Total autoliquidacións presentadas	168	164	178	157	214	302	404



Desde 2013 é obrigatorio presentar a autoliquidación polo ICA telematicamente.

Evolución das autoliquidacións presentadas por Internet para IDMAE:

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Autoliquidacións Internet	135	190	198	192	200	246	219
Total autoliquidacións presentadas	135	190	198	192	200	246	219

As autoliquidacións polo IDMAE sempre se presentaron telematicamente.

Evolución das autoliquidacións presentadas por Internet para Apostas deportivas e de competición (dende 2015):

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Autoliquidacións Internet				-	-	-	14
Total autoliquidacións presentadas	-	-	-	-	-	-	14

É obrigatorio presentar telematicamente as autoliquidacións polas Apostas deportivas.

No 2015 estiveron operativos os xestores de colas en todas as Delegacións Territoriais, permitindo rexistrar o número de atencións presenciais que se levan a cabo e analizar os temas medios de atención por materia, o que permitirá o establecemento dun sistema de cita previa.

Os datos correspondentes ao número de contribuíntes atendidos son os seguintes:

Delegación	Persoas atendidas
A Coruña	76.356
Lugo	31.120
Ourense	56.080
Pontevedra	37.269
Vigo	57.184
TOTAL	258.009

A continuación expóñense os tempos medios de espera e atención (en minutos) nos diferentes impostos:

Imposto	Tempo medio de atención	Tempo medio de espera
ITP-AXD	4:48	5:43
ISD	8:52	7:19
Vehículos	5:13	5:27

2.2.2. INFORMACIÓN E ASISTENCIA

Para as labores de información e asistencia ao contribuínte existen as 47 oficinas anteriormente mencionadas coas funcións específicas que lle corresponden ás Delegacións Territoriais, as OLDH e as ODH.

Ademais, están a disposición do contribuínte cinco teléfonos de cabeceira, un por cada Delegación, que remiten directamente aos números de información tributaria.

Na páxina web da ATRIGA existe de forma destacada o banner “contacta coa Axencia Tributaria” que informa das direccións e teléfonos de todas as oficinas.

A páxina web pon a disposición do contribuínte un enlace para realizar solicitudes de información que son respondidas a través do Departamento Central de Estudos, Información e Asistencia. O prazo para a súa resolución é de 3 meses e o tempo medio de resposta foi de 9,8 días.

O estado da tramitación de ditas solicitudes durante o 2015 foi o seguinte:

Solicitudes de información vía web			
Pendientes 2014	Presentadas	Atendidas	En tramitación
16	519	529	6

A porcentaxe de despachos é preto do 99%. Isto supón un incremento fronte ao exercicio 2014 dun 1%.

2.2.3. PROGRAMAS DE AXUDA

Para o Imposto de sucesións a oficina virtual tributaria permite a descarga do programa ALIS que, unha vez instalado no equipo do usuario, permite confeccionar as autoliquidacións deste imposto (modelo 650), xerando os documentos para que poidan ser presentados tanto de forma presencial en calquera das oficinas receptoras como telematicamente.

Número descargas ALIS		
2014	2015	Variación
18.350	32.404	+76%

Número declaracións confeccionadas ALIS		
2014	2015	Variación
77.592	90.644	+11%

No resto de impostos, para aqueles contribuíntes que non desexan realizar a presentación telemática (nos casos en que non é obrigatoria) ou ben non dispoñen de firma electrónica, pódese cumprimentar a autoliquidación empregando o programa de axuda existente na oficina virtual.

2.2.4. CAMPAÑA DE IRPF 2014

No 2015 a ATRIGA colaborou coa AEAT en dúas campañas: a ordinaria correspondente ao IRPF 2014 e a extraordinaria para a regularización por pensións procedentes do estranxeiro.

- Na Campaña de IRPF 2014 a ATRIGA colaborou coa AEAT por dúas vías:

En primeiro lugar, con carácter previo ao inicio da campaña, mediante a revisión e actualización de todos os documentos e programas de axuda da AEAT en canto á información relativa á Comunidade Autónoma de Galicia, tanto no manual dispoñible á venda, como na guía rápida da web da AEAT e do programa PADRE.

En segundo lugar, participando no servizo de asistencia ao contribuínte mediante a cita previa dende o día 11 de maio ata o 30 de xuño, que se materializou coa contratación de 50 persoas que desenvolveron o seu traballo nas sete plataformas conxuntas situadas nas dependencias da AEAT e distribuídas da seguinte forma:

Persoal colaborador na campaña IRPF 2014	
Localidade	Número
A Coruña	12
Santiago	8
Ferrol	5
Lugo	3
Ourense	2
Pontevedra	3
Vigo	17
Total	50

Esta colaboración coa AEAT materializouse nos seguintes resultados:

Declaracións IRPF 2014			Borradores	
Total	Pdf	Telemáticas	Confirmados	Rectificados
22.996	5.356	17.640	22.996	3.462

Segundo o cadro anterior, incrementáronse nun 33% as declaracións realizadas polo persoal contratado pola ATRIGA.

As citas atendidas polo persoal da ATRIGA foron:

Citas concedidas	
Localidade	Número
A Coruña	8.188
Santiago	6.189
Ferrol	3.529
Lugo	4.953
Ourense	5.639
Pontevedra	4.360
Vigo	12.883
Carballo (*)	1.002
Total	46.743

Por último, cabe destacar que existe un protocolo de actuación coa AEAT co obxecto de instrumentar un procedemento de consulta telemática do borrador do IRPF para os empregados públicos da Xunta de Galicia a través dun servizo web.

O acceso á consulta do borrador de declaración ou dos datos fiscais realizouse a través da oficina virtual do empregado público, co seguinte detalle:

Consultas	
Ano	Número
2014	64.241
2015	57.553

O número de consultas supón un 28% menos respecto a 2014.

- Na Campaña extraordinaria do IRPF por pensións procedentes do exterior a ATRIGA colaborou coa AEAT por dúas vías:
 - I. Servizo de asistencia e información no proceso de condonación dende o 2 de xaneiro ata o 30 de xuño para o que se nomearon 6 persoas interinas (unha por Delegación e outra en SSCC-Santiago). Atendéronse 229 citas.

2. Servizo de regularización. A ATRIGA, en colaboración coa AEAT, prestou o servizo de asistencia a aqueles contribuíntes que desexaban regularizar a súa situación tributaria por cobro de pensións procedentes do exterior sen esixencia de recargas, intereses nin sancións, mediante a presentación de autoliquidacións complementarias. A ATRIGA aportou para esta tarefa 20 funcionarios interinos nos concellos e cos postos de atención que se especifican de seguido:

Persoal colaborador na Campaña extraordinaria IRPF – Pensións do estranxeiro	
Localidade	Número
A Coruña	1
Carballo	2
Santiago	0
Ferrol	1
Lugo	4
Ourense	7
Pontevedra	5
Vigo	0
Total	20

O servizo iniciouse o 2/03/2015 e prestouse en plataformas conxuntas integradas por postos de atención de citas de ambas Administracións. O persoal contratado pola ATRIGA incorporouse a esta campaña extraordinaria de regularización o día 26 de febreiro, iniciándose as actuacións de asistencia a partires do día 1 de marzo de 2015 e ata o 30 de xuño de 2015.

O total de citas atendidas por este persoal foi de 6.101.

2.2.5. ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E OFICINA VIRTUAL TRIBUTARIA

Segundo a *Comisión Europea* da UE a administración electrónica, ou e-Administración, defínese como “o uso das tecnoloxías da información e das comunicacións nas administracións públicas, combinado con cambios organizativos e novas aptitudes, co gallo de mellorar os servizos públicos e os procesos democráticos e reforzar o apoio ás políticas públicas”.

O uso das TICs aplícase en dos aspectos:

- interno (*back-office*): no que se reformulan procesos manuais en procesos electrónicos,
- externo (*front-office*): no que se habilitan canais electrónicos para as relacións coa cidadanía e empresas.

Polo tanto, a administración electrónica supón a reformulación dos procedementos existentes para acadar a mellora e simplificación dos mesmos, permitindo a modernización administrativa e abrindo o abano de posibilidades de interacción da cidadanía e empresas coas administracións públicas.

O uso da e-Administración supón un grande impacto no aforo de custes e na produtividade e transparencia das actividades da Administración Pública. Para a cidadanía supón vantaxes salientables: dispoñibilidade 24 horas os 365 días do ano, acceso universal dende calquera lugar e polo tanto, aforo de tempo e diñeiro ao evitar desprazamentos e trámites burocráticos.

A Comunidade Autónoma de Galicia é pioneira en ofrecer servizos públicos electrónicos para facilitar a realización de trámites a través de internet, ampliando prestacións e mellorando as relacións

entre a Administración e a cidadanía conforme á Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

A ATRIGA conta cun portal de carácter informativo (www.atriga.gal) así como unha oficina virtual tributaria (OVT) para realizar diferentes trámites on line no que se ofrece unha extensa variedade de servizos públicos electrónicos que se poden realizar telemáticamente a través de internet e que procuran prestar un mellor servizo á cidadanía mellorando dita prestación día a día. Por suposto, o beneficio máis directo da oficina virtual é a redución de cargas administrativas, así como facilitar á cidadanía e empresas os trámites ca Administración evitando desprazamentos cos conseguintes aforros de tempo e cartos.

Segundo a “Guía para el análisis del impacto normativo” do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas (Secretaría de Estado de Administraciones Públicas), a redución do custe para a cidadanía e empresas, e dun 93,75%, dende 80€, a realización do trámite presencial, ata 5€ a súa realización a través de Internet, supoñendo así un aforro de 75€ por trámite.

Hai que subliñar que en Galicia e en materia tributaria ofrécense os servizos electrónicos para o 100% dos impostos que xestiona a ATRIGA. Segundo distintos tipos de acceso, é posible cumprimentar, pagar e presentar distintos impostos e tributos propios de xeito totalmente telemático.

Os procedementos clasifícanse segundo a modalidade de acceso:

- Acceso libre: Acceso que non precisa a identificación do demandante do servizo. Evidentemente, trátase de servizos limitados.
- Acceso con certificado dixital: Para acceder a estes servizos é preciso dispor dalgún dos certificados dixitais recoñecidos pola Consellería de Facenda, incluíndo o DNI electrónico.
- Acceso como usuario autorizado: E requisito previo ser autorizado pola Consellería de Facenda. Trátase polo tanto dun acceso restrinxido e tamén é preciso dispor dun certificado dixital.

En función do tipo de acceso, permítense servizos de consulta, confección online de modelos de autoliquidación, presentación integramente telemática, etc. De facto, o 100% dos impostos autoliquidables pódense presentar de forma telemática na Oficina Virtual Tributaria.

O pagamento de impostos e taxas permítese a través das entidades financeiras adheridas e, en función da modalidade de acceso á oficina virtual, pode realizarse o pagamento de distintas formas:

- Pagamento presencial co Número de Referencia Completo (NRC),
- Cargo en conta e pagamento con tarxeta de débito ou crédito.

Hai que subliñar, polo seu alto índice de presentacións telemáticas de xeito voluntario, os impostos de transmisións de vehículos usados, de sucesións e de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

O resto de tributos preséntanse obrigatoriamente de xeito telemático: máquinas recreativas, bingo, casinos, apostas deportivas, o imposto sobre a contaminación atmosférica (ICA), o canon eólico e o imposto sobre o dano medioambiental por augas encoradas (IDMAE).

Ademais, para os impostos de transmisión de vehículos usados e de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados con documento notarial non é necesario desprazarse ás oficinas competentes para a entrega de documentación adicional.

Existen outros procedementos de natureza tributaria (ademais dos procedementos para a súa cumprimentación, pagamento e presentación de impostos de xeito telemático), contemplados na carta de servizos públicos electrónicos que resultan de interese para a cidadanía. Entre eles é obrigado sinalar os máis importantes:

- Valoración de bens inmoables.
- Valoración de vehículos usados.

- Verificación de documentos mediante o código seguro de verificación.
- Presentación de recursos.

Catálogo de servizos públicos electrónicos segundo a modalidade de acceso.

A continuación detállase a lista de servizos electrónicos dispoñibles na Oficina Virtual Tributaria agrupados en tres categorías:

- Confección/impresión de modelos de autoliquidacións
- Declaración e pagamento de tributos
- Servizos xerais

Como resumo, amósase un cadro dos servizos nos que se detalla a súa dispoñibilidade segundo a modalidade de acceso empregada.

Tamén se relacionan os certificados dixitais admitidos tanto pola Consellería de Facenda como pola ATRIGA e se detalla o número de usuarios rexistrados na OVT.

1. Declaración de tributos: confección/impresión de modelos de autoliquidación

Existe a posibilidade de cumprimentar na Oficina Virtual Tributaria os modelos para a autoliquidación. O sistema permite a impresión dos modelos xa cumprimentados para, se é o caso, realizalo pagamento e a súa presentación presencial.

Relación de impostos con posibilidade de confección/impresión:

- Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (modelo 600)
- Imposto de Medios de Transporte Usado (modelo 620)
- Imposto de Doazóns (modelo 651)
- Taxas e prezos públicos (modelo AI)

2. Declaración de tributos / Pagamentos

O Sistema permite a confección dos modelos de autoliquidación, o pagamento telemático e obtención dos xustificantes de autoliquidación e a presentación telemática, así como a presentación das declaracións censuais e informativas, para os seguintes impostos:

- Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (modelo 600)
- Medios de Transporte Usado (modelo 620)
- Doazóns (modelo 651)
- Sucesións (modelo 650)
- Taxa fiscal sobre o xogo: Casinos de xogo (modelo 044)
- Taxa fiscal sobre o xogo: Máquinas de xogo (modelos 045 e 046 e modelo D-046)
- Tributos sobre o xogo: Bingo (modelo 043 e modelos S e 006)
- Tributos sobre o xogo: Apostas deportivas (modelo 041 e D-041)
- Imposto sobre o Dano Medioambiental Augas Encoradas (IDMAE) (modelo 011 e modelo 010)
- Imposto sobre Contaminación Atmosférica (ICA) (modelos 002 e 003 e modelo 004)
- Canon eólico (modelo 012 e modelo 007).

Servizos de pagamento de taxas, prezos, multas e sancións: pagamento telemático e obtención do impreso-xustificante correspondente a ter realizado o pagamento.

As modalidades de pagamento son:

- Tarxeta de crédito ou débito.
- Cargo en conta (só para accesos con certificado dixital ou usuarios autorizados).

3. Servizos xerais

Existen outros servizos electrónicos de interese e que poden ser de utilidade para a declaración dos tributos.

Valoración de bens inmobles: obtención do valor dun ben inmovible que sexa obxecto de adquisición ou transmisión.

Valoración de vehículos usados: obtención do valor de venda de vehículos segundo as táboas que publica anualmente o Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

Descarga do programa de axuda ALIS: (Axuda á Liquidación do Imposto de Sucesións) para a confección do imposto de Sucesións (modelo 650)

Certificado de débedas/ patrimonio: solicitude de expedición de certificados de débedas ante a Xunta de Galicia, así como certificados do imposto sobre o patrimonio.

Consulta e pagamento de débedas: consulta de débedas en período voluntario e posibilidade de pagamento telemático das mesmas.

Xestión de datos persoais: consulta e modificación dos datos persoais e enderezo de Notificacións.

Operacións realizadas: consulta e acceso permanente ás operacións tramitadas a través da Oficina Virtual Tributaria.

Consulta de Sucesións, Doazóns e Transmisións: seguimento do estado e información dos expedientes tramitados na Oficina Virtual Tributaria para os ditos impostos.

Seguimento de expedientes: consulta do estado e información dos expedientes de calquera imposto pendente.

Presentación de recursos: presentación telemática de recursos contra procedementos da Administración tributaria

Representación de terceiros: xestión telemática de autorizacións para a representación de terceiros para distintos trámites tributarios.

Verificación de documentos: comprobación da veracidade dos documentos emitidos pola Oficina Virtual Tributaria mediante a introdución do CSV (Código Seguro de Verificación).

Verificación de cartóns de bingo: comprobación da veracidade dos cartóns para o xogo do bingo mediante a introdución do CSC (Código Seguro de Cartón).

Subscrición ao servizo de avisos.

Foro tributario.

4. Cadro resumo de servizos electrónicos por tipo de acceso.

Servizo electrónico	Tipo de acceso (*)		
	L	C	A
Declaración de tributos: confección / impresión de modelos de autoliquidación			
Confección on-line Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (mod. 600)	•		
Confección on-line Imposto de Medios de Transporte Usado (mod. 620)	•		
Confección on-line Imposto de Doazóns (mod. 651)	•		
Declaración de tributos / Pagamentos			
Pagamento e presentación telemáticas Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (mod. 600)		•	•
Pagamento e presentación telemáticas Imposto de Medios de Transporte Usado (mod. 620)		•	•
Pagamento e presentación telemáticas Imposto de Sucesións (mod. 650)		•	•
Pagamento e presentación telemáticas Imposto de Doazóns (mod. 651)		•	•
Pagamento e presentación telemáticas Imposto de Casinos de xogo		•	
Pagamento e presentación telemáticas Imposto de Máquinas recreativas			•
Pagamento e presentación telemáticas Imposto e Taxa de xogo en Bingos			•
Pagamento e presentación telemáticas Taxa sobre o xogo de Apostas deportivas e de competición			•
Pagamento e presentación telemáticas ICA			•
Pagamento e presentación telemáticas IDMAE			•
Pagamento e presentación telemáticas CE			•
Pagamento de taxas, prezos, multas e sancións	•	•	•
Servizos xerais			
Valoración de bens inmoables	•	•	•
Valoración de vehículos usados	•	•	•
Descarga do programa de axuda "ALIS"	•	•	•
Certificado de débedas / patrimonio		•	•
Consulta e pago de débedas		•	•
Xestión de datos persoais		•	
Operacións realizadas	•	•	•
Consulta de Sucesións, Doazóns e Transmisións		•	•
Seguimento de expedientes		•	•
Presentación de recursos		•	•
Representación de terceiros		•	•
Verificación de documentos	•	•	•
Verificación de cartóns de bingo	•	•	•
Subscrición ao servizo de avisos		•	•

(*) L = Servizos de acceso libre, C = Servizos con certificado dixital, A = Servizos de usuarios autorizados

5. Certificados dixitais recoñecidos pola Oficina Virtual Tributaria

Para os servizos electrónicos que son de uso restrinxido (e preciso a identificación previa da persoa interesada), compre empregar un certificado dixital emitido por unha entidade recoñecida.

A continuación, relaciónanse os certificados dixitais de firma admitidos tanto pola Consellería de Facenda como pola ATRIGA:

Persoas xurídicas:

- FNMT FNMT Clase 2 CA
- AC Camerfirma SA - AC Camerfirma Certificados Camerales
- Agencia Notarial de Certificación S.L. Unipersonal - CIF B83395988 ANCERT Certificados Notariales Corporativos
- ANF Autoridad de Certificación ANF Clase I CA ANF Server CA
- IZENPE
- SIGNE Autoridad de validación
- EDICOM

Persoas físicas:

- FNMT FNMT Clase 2 CA
- AC Camerfirma SA - AC Camerfirma Certificados Camerales
- Agencia Notarial de Certificación S.L.Unipersonal - CIF B83395988 ANCERT Certificados Notariales Corporativos
- Agencia Notarial de Certificación S.L. Unipersonal - CIF B83395988 ANCERT Certificados para empleados
- Agencia Notarial de Certificación S.L. Unipersonal - CIF B83395988 ANCERT Certificados Notariales Personales
- Agencia Notarial de Certificación S.L. Unipersonal - CIF B83395988 ANCERT Certificados FERN
- Firmaprofesional S.A. NIF A-62634068 Jerarquía de Certificación Firmaprofesional AC Firmaprofesional - CA I
- ANF Autoridad de Certificación ANF Clase I CA ANF Server CA
- Consejo General de la Abogacía NIF:Q-2863006I Autoridad de Certificación de la Abogacía ACA - Certificados Corporativos
- Dirección General de la Policía DNIE AC DNIE 001 / 002 / 003
- IZENPE
- SIGNE Autoridad de validación
- EDICOM

Para máis información, pode consultarse a relación actualizada de certificados dixitais admitidos na páxina web da ATRIGA > Servizos > Oficina Virtual Tributaria > Admisión Autoridades Certificadoras.

6. Usuarios rexistrados con certificado dixital

Na seguinte táboa reflíctese o nº de usuarios rexistrados na Oficina Virtual tributaria actualmente activos e segundo a tipoloxía funcional:

Tipoloxía de usuario	2014 (número)	2015 (número)
Xestorías / Asesorías	1.327	1.405
Empresas operadoras de aparellos recreativos	210	214
Empresas operadoras de bingo	14	14
Empresas declarantes do imposto de contaminación atmosférica (ICA)	50	92
Empresas declarantes do imposto de dano medioambiental por augas encoradas (IDMAE)	37	39
Empresas declarantes do canon eólico	45	60
Empresas operadoras de apostas deportivas e de competición	-	14
Total usuarios rexistrados na OVT	1.683	1.838

Interoperabilidade: cooperación interadministrativa e colaboradores sociais

Con base nos principios de cooperación interadministrativa e de simplificación de procedementos, a Axencia Tributaria Galega ven traballando e centrando esforzos na cooperación interadministrativa e o intercambio de información con outras administracións, é o que se coñece como interoperabilidade. De facto, a *Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos* establece que as administracións deben facilitar os trámites de modo electrónico e evitar que a cidadanía teña que aportar información que xa obra en poder da Administración.


Ademais en España, o esquema nacional de interoperabilidade promove o desenvolvemento e intercambio de información entre as distintas administracións, facilitando así as funcións de “xanela única”.

En Galicia xa hai varios exemplos de interoperabilidade no eido tributario entre administración e colaboradores sociais. Concretamente poden citarse como exemplos de cooperación interadministrativa e colaboración social os seguintes:

- O censo único de contribuíntes (CUC) mantén unha base de datos única e uniforme a nivel de España que permite a consulta de datos persoais de aqueles contribuíntes inmersos en procedementos tributarios e, si procede, permite a súa alta na dita base de datos centralizada.
- A emisión a outros organismos públicos de certificados sobre persoas físicas/xurídicas de estar ao corrente de débedas ca Xunta de Galicia e certificados de patrimonio.
- A integración co Colexio Oficial de Notarios (ANCERT) para facilitar a presentación telemática do imposto de Transmisións e Actos Xurídicos Documentados e remisión dos selos de presentación. A colaboración na constitución áxil de sociedades limitadas no Centro de Información y Red de Creación de Empresas (CIRCE).
- A integración co Colexio Oficial de Gestores Administrativos (SIGA) para a presentación telemática do imposto sobre vehículos usados.
- Os convenios asinados coas Deputacións Provinciais.
- O convenio entre a ATRIGA e a *Dirección General de Tráfico* (DGT) para a realización do trámite de transmisión e transferencia de vehículos usados de xeito totalmente telemático.


A continuación expóñense o total de accesos á OVT, o número de valoracións de bens e o número de certificados de débedas expedidos vía telemática na súa comparativa dende o ano 2009.

Evolución dos accesos por modalidade:




Evolución das valoracións de bens por internet:

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Nº valoracións	179.514	203.355	237.955	275.763	293.998	333.636	341.891
TVA	-	13%	17%	16%	7%	13%	2%



Evolución das certificacións de débeda (axudas/subvencións e contratos) por internet:

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Axudas/Subvencións por internet	3.837	4.014	4.623	4.749	6.059	7.966	9.847
Contratos por internet	3.507	4.306	4.669	5.428	6.023	6.967	8.829
Total certificados	7.344	8.320	9.292	10.177	12.082	14.933	18.676



2.2.6. TRAMITACIÓN E SEGUIMENTO DE QUEIXAS

Calquera cidadán ten dereito, segundo a normativa aplicable, á presentación de queixas e suxestións ante a administración autonómica, contribuíndo as mesmas á creación, ampliación ou mellora dos servizos públicos.

O órgano competente para a súa xestión é a Inspección Xeral de Servizos, integrada na Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A continuación ofrécese a comparativa das queixas presentadas e a súa desagregación por materias:

MATERIAS	2014 (número)	2015 (número)
Atención prestada	9	8
Modelos de autoliquidación	5	2
Idioma utilizado nas notificacións	1	4
Información fornecida na web	1	0
Valoracións	6	8
Deficiencias de tramitación nos procedementos de xestión	14	13
Deficiencias de tramitación no procedemento de recadación	5	7
Outras materias	1	3
TOTAL	42	45

2.3. Actuacións de Colaboración social e administrativa

2.3.1. COLABORACIÓN COA AGENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA (AEAT)

A ATRIGA participa no Consello Superior para a Dirección e Coordinación da Xestión Tributaria reuníndose trimestralmente (o 14 de abril, o 14 de xullo, o 20 de outubro e o 15 de decembro de 2015).

Os asuntos tratados nestas reunións foron, entre outros:

- Resultados dos tributos cedidos xestionados pola AEAT e polas Comunidades Autónomas.
- Análise e, no seu caso, aprobación do informe sobre os proxectos normativos que modifican a regulación dos tributos cedidos.
- Seguimento do calendario de intercambio de información.
- Información sobre as reunións dos Grupos de Traballo de Intercambio de información e Coordinación normativa.
- Plans de control tributario. Petición de propostas segundo a Lei 22/2009, 18 de decembro.
- Exposición sobre a aplicación polas Comunidades Autónomas do sistema de indicadores dos tributos totalmente cedidos.
- Plan de Obxectivos da AEAT para 2015. Liñas básicas dos Plans de Control Tributario para 2015 en relación cós tributos cedidos.
- Balance de la Campaña de Renda e Patrimonio 2015.
- No seo deste Consello existen tres grupos de traballo:
- O grupo de intercambio de información: ten por obxecto establecer procedementos de colaboración e intercambio de información entre a AEAT e as CCAA (catro reunións en 2015).
- O grupo de coordinación normativa: ten por obxecto analizar e propoñer modificacións normativas en relación cos tributos cedidos (catro reunións en 2015).
- O grupo de xestión dos tributos totalmente xestionados polas CCAA: analiza o sistema de indicadores e de resultados.

Por outra banda, a Axencia tamén participou con periodicidade trimestral (12 de xaneiro, 20 de abril, 21 de xullo e 14 de novembro) no Consello Territorial para a Dirección e Coordinación da Xestión tributaria.

Un dos principais obxectivos deste consello é facilitar e colaborar no intercambio de información con transcendencia tributaria para finalidades fiscais e non fiscais, sendo o interlocutor único na Xunta de Galicia a ATRIGA.

Durante 2015 tramitáronse 43 solicitudes de información de transcendencia tributaria procedentes da AEAT (48 en 2014- descenso do 9% que ven motivado pola entrada en funcionamento do Protocolo asinado no 2015 entre a AEAT e a ATRIGA para o acceso nas bases de datos da Axencia Tributaria de Galicia).

Tramitáronse 72 solicitudes de alta para a presentación telemática de modelos ante a AEAT realizadas dende os distintos organismos da Xunta de Galicia, e 59 solicitudes de alta nas aplicacións da

AEAT para a consulta de datos fiscais para finalidades non tributarias (axudas, subvencións, contratos, etc.)

Na actualidade 107 (98 en 2014) empregados públicos da ATRIGA poden acceder á base de datos da AEAT.

O 21/07/2015 subscribiuse o Protocolo de accesos dos funcionarios da Delegación Especial da AEAT en Galicia, como usuarios externos, ás bases de datos da Axencia Tributaria de Galicia. O acceso estivo operativo a partir do último trimestre do 2015. Durante ese período realizáronse 309 accesos, e o número de funcionarios da AEAT usuarios foi de 24.

2.3.2. CONSELLO XERAL DO NOTARIADO E COLEXIO NOTARIAL DE GALICIA

Estes organismos subministran a información necesaria para a verificación das operacións realizadas no ITP-AXD e a súa tributación a través das fichas notariais e os envíos específicos de escrituras públicas.

No marco desta colaboración recibíronse na ATRIGA 129.966 (209.137 en 2014) fichas notariais e 2.624 (1.839 en 2014) copias de escrituras públicas.

2.3.3. DIRECCIÓN GENERAL DE TRÁFICO (DGT)

Durante 2015 aplicouse o convenio de colaboración coa DGT en materia de intercambio e cesión de información a efectos tributarios, que permitiu eliminar calquera soporte papel para verificar o cumprimento das obrigas tributarias inherentes ao cambio de titularidade dun vehículo e se substitúe por un código electrónico (CET) que garante o seu cumprimento.

En 2015 tramitáronse 92.887 CET, o que supón un 88,43% do total de presentacións de vehículos automóbiles, 105.039, realizadas durante o 2015.

2.3.4. DIRECCIÓN XERAL DO CASTASTRO

As Xerencias Rexionais do Catastro subministran anualmente a ATRIGA os ficheiros informáticos que conteñen os datos existentes nas bases de datos catastrais dos bens inmobles de natureza rústica, urbana e de características especiais.

Por outra banda, na actualidade 223 (204 en 2014) empregados da ATRIGA dispoñen de acceso a dita bases de datos.

2.3.5. COLABORACIÓN COAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS PARA O DESENVOLVENTO DAS SÚAS FUNCIONES

En 2015 tramitáronse un total de 111 (84 en 2014) solicitudes de funcionarios da Xunta de Galicia para poder acceder á obtención de certificados de débedas de terceiros.

Os número de certificados emitidos por un total de 365 usuarios foron:

Certificados emitidos Xunta	
Tipo	2015
Axudas/Subvencións por internet	131.955
Contratos por internet	4.895
Total	136.850

En relación aos convenios de colaboración subscritos pola ATRIGA coas Deputacións Provinciais da CA de Galicia para a cesión de información de carácter tributario, durante o 2015 emitíronse 253 certificados.

2.3.6. OUTROS

En 2015 atendéronse 198 (126 en 2014) peticións de información xudicial relacionadas con:

- A colaboración cos órganos xurisdicionais e o Ministerio Fiscal na investigación e persecución de delitos.
- A protección dos dereitos e intereses dos menores e incapacitados xudicialmente.
- A colaboración cos xuíces e tribunais para a execución de resolucións xudiciais firmes.

A ATRIGA ten subscritos 23 (19 en 2014) convenios de colaboración con asociacións e organizacións privadas para a aplicación das novas tecnoloxías nos procedementos de xestión tributaria, o que supón un total de 1.405 (1.327 en 2014) usuarios de ditas organizacións que teñen acceso autorizado á OVT (86.505 accesos en 2015, un 39% máis que en 2014).

3. ÁREA DE XESTIÓN TRIBUTARIA

3.1. Funcións

Á Area de Xestión Tributaria lle corresponde o exercicio das funcións de xestión tributaria previstas no artigo 117 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, de imposición de sancións e de revisión en vía administrativa que se lle atribúan mediante Orde da Consellería competente en materia de facenda, así como as demais que se lle encomenden pola Dirección ou se lle deleguen.

Entre outras lle corresponden:

- a) A xestión centralizada dos tributos que gravan o xogo, dos impostos propios e do imposto sobre o patrimonio das persoas físicas que lle corresponda á Axencia, así como o exercicio da potestade sancionadora en materia tributaria no devandito ámbito material e a revisión en vía administrativa dos actos correspondentes.
- b) A coordinación dos departamentos de xestión tributaria da Axencia, outros órganos de xestión e de calquera outra organización que preste servizos propios da Axencia, no seu ámbito de competencias.
- c) A coordinación, asistencia e control, en colaboración co órgano de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de orzamentos, dos órganos xestores de taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia, así como das actuacións e procedementos de xestión e sancionador respecto destes.
- d) O estudo, deseño e proposta dos sistemas e procedementos que se vaian utilizar nas actuacións de xestión tributaria no seu ámbito de competencias, así como, en colaboración co órgano de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de orzamentos, dos sistemas e procedementos de aplicación de taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) O estudo, deseño e proposta dos sistemas e procedementos para o exercicio da potestade sancionadora en materia tributaria, en colaboración coas outras áreas da Axencia.
- f) A elaboración do sistema de información e estatística relativa aos resultados da xestión no seu ámbito de competencias.
- g) O estudo, deseño e proposta dos procedementos de control para a detección e regularización dos incumprimentos das obrigacións tributarias en colaboración coas outras áreas da Axencia.
- h) A configuración das fórmulas e procesos adecuados para a utilización dos datos obtidos e da información no ámbito do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, para a comprobación do cumprimento das obrigacións tributarias e a detección dos incumprimentos e as actuacións e comportamentos defraudatorios, en colaboración coas outras áreas da Axencia.

3.2. Estrutura

3.2.1. DEPARTAMENTO CENTRAL DE XESTIÓN TRIBUTARIA

Este departamento coordina os Departamentos de Xestión Tributaria das Delegacións Territoriais da Axencia e outros órganos de xestión e, no ámbito material dos tributos de xestión non centralizada, estuda, diseña e propón, os sistemas e procedementos a utilizar nas actuacións de xestión tributaria.

Así mesmo encárgase do sistema de información e estatística relativa aos resultados de dita xestión e de propor as instrucións ou circulares no ámbito das súas competencias.

3.2.2. DEPARTAMENTO DE TRIBUTOS DE XESTIÓN CENTRALIZADA

Exerce as funcións de xestión tributaria previstas no artigo 117 da LXT, de imposición de sancións e de revisión en vía administrativa, respecto ao ámbito material correspondente aos tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, aos tributos sobre o xogo e ao imposto sobre o patrimonio.

Por outra banda lle corresponde, entre outras funcións:

- Deseño dos sistemas e procedementos que se vaian utilizar nas actuacións de xestión tributaria no seu ámbito material e elaborará o sistema de información e estatística relativa aos resultados da súa xestión;
- No ámbito concreto das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia, coordina, asiste e controla, en colaboración coa Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, os procedementos de aplicación de taxas e prezos, así como o sistema de información e estatística relativa aos resultados da dita aplicación.
- Por último propón as instrucións ou circulares no ámbito das súas competencias.

3.3. ACTUACIÓNS DE COORDINACIÓN, ASISTENCIA E CONTROL

No ano 2015 contestáronse 117 consultas plantexadas polos órganos de xestión en materias de carácter xurídico-tributario (un 27% máis que o ano 2014).

Emitíronse 22 informes en materia tributaria e desenvolvéronse 49 actuacións de control e coordinación dos órganos xestores.

Fixéronse 36 propostas de deseño e confección dos diferentes modelos de autoliquidación, declaracións informativas e/ou escritos.

No ano 2015 traballouse na definición, deseño e operatividade da OVT para a presentación das autoliquidacións e declaracións informativas das apostas deportivas e de competición. Traballouse ademais na implementación de diferentes modificacións nos programas informáticos de aplicación de tributos, en particular as derivadas dos cambios normativos na materia. Colaborouse no mantemento da páxina web da ATRIGA.

Polo que respecta á elaboración normativa debe destacarse no ano 2015, ademais da correspondente participación na elaboración das leis conducentes a modificar as normas fiscais, a elaboración dunha proposta de decreto de modificación do regulamento do imposto sobre a contaminación atmosférica (ICA), a proposta de orde pola que se aproban as normas de aplicación do ICA e a proposta de orde pola que se establecen as normas de aplicación da taxa fiscal sobre o xogo de apostas deportivas e de competición e se modifican determinadas normas tributarias.

Por outra banda, leváronse a cabo as seguintes actuacións en relación coa xestión tributaria no ámbito dos tributos de xestión centralizada:

- Xestionáronse un total de 823.943 ingresos na aplicación de taxas e prezos (un 2% máis que no ano 2014), que foron revisados, controlados, modificados no seu caso e aplicados.
- Outorgáronse un total de 68 accesos para os contribuíntes do CE, o ICA, o IDMAE e os tributos de xogo.
- Graváronse no sistema informático 313 declaracións da taxa sobre rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias (un 30% máis que no ano 2014).
- Cargáronse 69 expedientes á Área de Recadación para a tramitación de aprazamentos/fraccionamentos (un 123% máis que no ano 2014).

- Notificáronse un 180% máis de liquidacións e resolucións que no ano 2014; en concreto, 1.129 liquidacións e resolucións na taxa sobre rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias, no ámbito das máquinas recreativas autorizadas, no imposto de patrimonio, no IDMAE, no ICA e no CE.
- Tramitáronse 74 solicitudes de rectificación de autoliquidacións e/ou declaracións, fundamentalmente do CE, o IDMAE e o imposto de patrimonio e 27 procedementos sancionadores,

3.4. RESULTADOS DAS ACTUACIÓNS DE CONTROL EXTENSIVO

Durante o ano 2015, as diferentes unidades de xestión tributaria desenvolveron, no marco do Plan de Control Tributario aprobado por Resolución do 31 de marzo de 2015 da Dirección da Axencia, pola que se aproban os criterios xerais do Plan xeral de control tributario 2015, Tributaria de Galicia, diferentes actuacións de comprobación e control extensivo.


No marco das actuacións de control extensivo realizadas polas diferentes unidades de xestión, no ano 2015, comprobáronse unha media dun 48% das autoliquidacións e declaracións susceptibles de comprobar, en concreto, comprobáronse un total de 387.635 autoliquidacións, por un importe de 530'5 millóns de euros.

Con respecto á actividade desenvolvida no ano inmediato anterior, comprobouse un 5% menos de autoliquidacións, o que ven explicado polo feito de que no ano 2014 levouse a cabo nesta área e na área de inspección tributaria un plan especial de loita contra a fraude fiscal, centrado fundamentalmente no ISD, e orzamentado en 50 millóns de euros, que finalmente foron acadados. Se facemos a comparativa coa actividade desenvolvida no ano 2013, no ano 2015 comprobouse un 23% máis que no ano 2013.


Como consecuencia das comprobacións realizadas, practicáronse un total de 37.797 liquidacións cun importe asociado de 110'6 millóns de euros, un 3% menos de liquidacións que no ano 2014 que supuxeron un 26% menos en termos recadatorios. Isto ven explicado polo plan especial de loita contra a fraude fiscal desenvolvido no ano 2014. Se comparamos a actividade liquidatoria do ano 2015 coa habida no ano 2013, a realidade é que foi un 6% maior en termos liquidatorios.

O número de liquidacións constitúe, por termo medio, un 9'5% das autoliquidacións comprobadas, o que ven significar que unha media dun 90'5% das autoliquidacións comprobadas foron conformes. Do importe total asociado ás actuacións de comprobación realizadas, un 21% corresponde a débeda descuberta.

AUTOLIQUIDACIÓNS COMPROBADAS E LIQUIDACIÓNS EN TODOS OS IMPOSTOS (número):



IMPORTE DETECTADO EN TODOS OS IMPOSTOS (millóns de euros):



Nos seguintes subapartados, reflíctense os resultados das actuacións dun xeito diferenciado, tendo en conta as actuacións no ámbito material de cada un dos tributos aplicados pola ATRIGA, mostrando as autoliquidacións susceptibles de comprobación, as autoliquidacións comprobadas, o número de liquidacións e o importe en millóns de euros asociado ás comprobacións feitas no ano 2015.

3.5. ISD

As actuacións que corresponden á área xestión son as derivadas da comprobación das autoliquidacións susceptibles de comprobación e as liquidacións derivadas das mesmas.


Como consecuencia da actividade de control, comprobáronse case a metade das autoliquidacións susceptibles de comprobación. O número de autoliquidacións pendentes de comprobar son obxecto de comprobación dentro do período de prescrición, de forma que ningunha estea exenta de control en termos de eficiencia.

O importe das autoliquidacións susceptibles de comprobación en 2015 reduciuse nun 1,5% respecto ao ano anterior, pasando de 548 millóns de € a 539,5 millóns, por outra parte o importe das autoliquidacións comprobadas en 2015 diminuíu nun 22% respecto ao ano anterior, pasando de 215 millóns de euros a 166,9 millóns. Así mesmo, á débeda detectada acadou os 78,7 millóns de euros, diminuíndo respecto a 2014 nun 30%. E dicir, en 2015 observase unha redución tanto nas autoliquidacións comprobadas como na débeda detectada o cal débese fundamentalmente a que durante o ano houbo un plan especial centrado principalmente no ISD.


O número de autoliquidacións comprobadas en 2015 reduciuse nun 5% respecto ao ano anterior. As liquidacións ditadas diminuíron nun 25%. Non obstante, en 2015 comprobáronse un 15,4% máis de autoliquidacións que en 2013 e se ditaron un 2,9% máis de liquidacións.

A continuación reproducense os cadros correspondentes aos resultados das actuacións de control extensivo realizadas polas unidades de xestión:

IMPORTE DETECTADO NO ISD (millóns de euros):



AUTOLIQUIDACIÓNS COMPROBADAS E LIQUIDACIÓNS NO ISD (número):



3.6. ITP-AXD

Móstranse neste subapartado os datos correspondentes ás actuacións de control extensivo realizados neste imposto, aínda que sen ter en conta os asociados ás compravendas de vehículos, que se mostran no subapartado seguinte.


Como consecuencia da actividade de control, comprobáronse un 53% das autoliquidacións susceptibles de comprobación. O número de autoliquidacións pendentes de comprobar son obxecto de comprobación dentro do período de prescrición, de forma que ningunha estea exenta de control en termos de eficiencia.

O importe das autoliquidacións susceptibles de comprobación en 2015 aumentou nun 21% respecto ao ano anterior, pasando a 543,1 millóns de euros. Por outra parte, o importe das autoliquidacións comprobadas en 2015 aumentou tamén, en concreto nun 23% respecto ao ano anterior, pasando de 178'24 millóns de euros a 219 millóns. Así mesmo, á débeda detectada acadou os 27,3 millóns de euros, diminuíndo respecto ao 2014 nun 23'6%.


O número de autoliquidacións comprobadas en 2015 aumentou nun 8% respecto ao ano anterior. As liquidacións ditadas aumentaron nun 2'7%.

A continuación reproducense os cadros correspondentes aos resultados das actuacións de control extensivo realizadas polas unidades de xestión:

IMPORTE DETECTADO NO ITP-AXD (millóns de euros):



AUTOLIQUIDACIÓN COMPROBADAS E LIQUIDACIÓN NO ITP-AXD (número):



3.7. ITP-AXD: VEHÍCULOS.


Como consecuencia da actividade de control, comprobáronse un 71% das autoliquidacións susceptibles de comprobación. O número de autoliquidacións pendentes de comprobar son obxecto de comprobación dentro do período de prescrición, de forma que ningunha estea exenta de control en termos de eficiencia.

O importe das autoliquidacións susceptibles de comprobación en 2015 aumentou nun 2% respecto ao ano anterior, pasando a 13,1 millóns de euros. Por outra parte, o importe das autoliquidacións comprobadas en 2015 aumentou tamén, en concreto nun 20% respecto ao ano anterior, pasando de 8'3 millóns de euros a 10 millóns. Así mesmo, á débeda detectada acadou 1 millón de euros, aumentando respecto ao 2014 nun 53%.


O número de autoliquidacións comprobadas en 2015 diminuíu nun 5% respecto ao ano anterior. As liquidacións ditadas aumentaron nun 13'5%.

A continuación reproducense os cadros correspondentes aos resultados das actuacións de control extensivo realizadas polas unidades de xestión:

IMPORTE DETECTADO EN TRANSMISIÓN DE VEHÍCULOS USADOS (millóns de euros):



AUTOLIQUIDACIÓN COMPROBADA E LIQUIDACIÓN EN TRANSMISIONS DE VEHÍCULOS (número):



3.8. IMPOSTOS DE XESTIÓN CENTRALIZADA


Como consecuencia da actividade de control, comprobáronse un 11% das autoliquidacións susceptibles de comprobación. O número de autoliquidacións pendentes de comprobar son obxecto de comprobación dentro do período de prescrición, de forma que ningunha estea exenta de control en termos de eficiencia.

O importe das autoliquidacións susceptibles de comprobación en 2015 aumentou nun 8% respecto ao ano anterior, pasando a 478 millóns de euros. Por outra parte, o importe das autoliquidacións comprobadas en 2015 aumentou tamén, en concreto nun 12% respecto ao ano anterior, pasando de 120 millóns de euros a 134'6 millóns. Así mesmo, á débeda detectada acadou os 3,62 millóns de euros, experimentando un aumento importante respecto ao 2014 (un 424'5%).


O número de autoliquidacións comprobadas en 2015 foi inferior co respecto ao número comprobado o ano anterior, aínda que o número de liquidacións ditadas aumentaron nun 203'7%.

A continuación reproducense os cadros correspondentes aos resultados das actuacións de control extensivo realizadas polas unidades de xestión:

IMPORTE DETECTADO NOS IMPOSTOS DE XESTIÓN CENTRALIZADA (millóns de euros):



AUTOLIQUIDACIÓNS COMPROBADAS E LIQUIDACIÓNS NOS IMPOSTOS DE XESTIÓN CENTRALIZADA (número):




3.9. PROCEDIMENTOS SANCIONADORES DERIVADOS DE ACTUACIÓNS DE XESTIÓN TRIBUTARIA


Como consecuencia da actividade de control, apreciáronse a comisión de condutas infractoras consonte co disposto na Lei xeral tributaria, motivo polo que iniciáronse os correspondentes procedementos sancionadores, liquidando as correspondentes sancións.

No ano 2015, ditáronse un número de liquidacións de sancións menor ao do ano 2014, aínda que o importe derivado delas foi superior, sendo case o dobre que o do ano 2014.

IMPORTE DERIVADO DE PROCEDIMENTOS SANCIONADORES (millóns de euros):



PROCEDIMENTOS SANCIONADORES (número):



4. ÁREA DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA

A área de inspección tributaria conta coas seguintes unidades administrativas para o exercicio das súas funcións: O Departamento de Inspección Tributaria e o Departamento Central de Valoracións.

4.1. Departamento de inspección tributaria

A este departamento correspóndelle principalmente, como sinala o Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto as funcións de inspección tributaria previstas no artigo 141 da LXT:

- a) A investigación dos supostos de feito das obrigas tributarias para o descubrimento dos que sexan ignorados pola Administración.
- b) A comprobación da veracidade e exactitude das declaracións presentadas polos obrigados tributarios.
- c) A realización de actuacións de obtención de información relacionadas coa aplicación dos tributos, de acordo co establecido nos artigos 93 e 94 desta lei.
- d) A comprobación do valor de dereitos, rendas, produtos, bens, patrimonios, empresas e demais elementos, cando sexa necesaria para a determinación das obrigas tributarias, sendo de aplicación o disposto nos artigos 134 e 135 desta lei.
- e) A comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos para a obtención de beneficios ou incentivos fiscais e devolucións tributarias, así como para a aplicación de réximes tributarios especiais.
- f) A información aos obrigados tributarios con motivo das actuacións inspectoras sobre os seus dereitos e obrigas tributarias e a forma en que deben cumprir estas últimas.
- g) A práctica das liquidacións tributarias resultantes das súas actuacións de comprobación e investigación.
- h) A realización de actuacións de comprobación limitada, conforme ao establecido nos artigos 136 a 140 desta lei.
- i) O asesoramento e informe a órganos da Administración pública.
- j) A realización das intervencións tributarias de carácter permanente ou non permanente, que se rexerán polo disposto na súa normativa específica e, en defecto de regulación expresa, polas normas deste capítulo con exclusión do artigo 149.
- k) As demais que se establezan noutras disposicións ou se lle encomenden polas autoridades competentes.

A función inspectora conta cun departamento de inspección central que asume as funcións de inspector xefe (con tres inspectores xefes) e de elaboración dos plans de inspección. Territorialmente dispón de unidades de inspección compostas por persoal das escalas superior e técnica de finanzas que realizan as tarefas de comprobación e investigación, ademais das de informe e valoración de bens non inmoables. Esta estrutura permite unha planificación coordinada e homoxénea da loita contra a fraude, a unificación de criterios de actuación, así como a flexibilidade na distribución de efectivos en prol dunha maior eficiencia, permitindo crear unidades para asuntos específicos, ou a intervención de calquera unidade fóra do ámbito territorial da delegación na que se encontra. Todas estas posibilidades veñen reguladas na Orde de 20 de decembro de 2012 pola que se organiza e se atribúen funcións á Inspección dos Tributos no ámbito de competencias da Área de Inspección Tributaria da ATRIGA.

A situación do persoal mantense no mesmo número de efectivos que no 2014, polo que a cobertura dos postos técnicos (escalas superior e técnica de finanzas) en 2015 chega ó 84%.

No referente ao plan de control, publícase no DOGA de 15 de abril de 2015 a Resolución do 31 de marzo de 2015, da Dirección da ATRIGA, pola que se aproban os criterios xerais do Plan xeral de control tributario 2015, na que se encontran os criterios que orientarán o plan de inspección.

4.1.1. Elaboración do plan de inspección


Para establecer o plan de inspección realizáronse os seguintes pasos:

- a) Detección das principais áreas de risco fiscal: isto fíxose a través do estudo dos distintos feitos impositivos, compoñentes de base ou beneficios fiscais, así como dunha análise das bases de datos en poder da administración.
- b) Determinación das variables, tendo en conta os datos en poder da administración, para a individualización dos contribuíntes. A estes efectos utilizáronse os datos propios da ATRIGA, os datos da AEAT, así como distintos datos subministrados por entes externos a requirimento desta área. Isto supuxo que durante 2015 se fixesen 765 requirimento de información a profesionais oficiais.
- c) Realización dos cruzamentos de datos coas variables anteriores. O traballo se desenvolveu sobre 26 liñas de investigación que se van incorporando como carga de traballo nas unidades a medida que o resultado destes ofrece unha selección eficiente dende o punto de vista recadatorio. A evolución de cada un deles depende do número de variables a ter en conta, así como da calidade dos datos. Durante 2015 cargáronse ás unidades de 1.345 contribuíntes.

4.1.2. Realización de actuacións de comprobación e investigación e procedementos sancionadores

Os resultados do exercicio en cifras son os seguintes:

- 696 actas de inspección (o que supón un crecemento con respecto ó 2014 dun 112%) por un importe de 29.225.054€ (o que supón un crecemento con respecto ó 2014 dun 36%), das cales 349 foron asinadas en conformidade e 347 en desconformidade.
- 625 procedementos sancionadores por un importe de 9.098.859€



4.1.3. Realización de valoracións de bens non inmobles

As unidades de inspección realizan actuacións de valoración de bens non inmobles especialmente accións, participacións e empresas. Estas actuacións pódense desenvolver no seo dun procedemento inspector ou ben nun procedemento xestor. Para estes efectos o departamento de xestión remite ás unidades de inspección aqueles bens que pola súa natureza son susceptibles de ser valorados por un inspector tributario.

No exercicio 2015 realizouse polas unidades inspectoras un total de 2.144 valoracións por un valor total comprobado de 3.100.357.989€ o que supuxo un incremento sobre o valor declarado de 863.450.350€, representando porcentualmente un incremento medio do 39%.

4.1.4. Realización de informes

Unha das funcións da inspección é a realización de informes. Estes poden realizarse para outros órganos da administración sen relación cun procedemento tributario, ou ben como consecuencia dun.

Dende o punto de vista numérico e sobre todo recatorio, destacan os informes sobre os beneficios fiscais que se realizan para os órganos de xestión tributaria, en especial os que se refiren ás reducións de empresa no imposto sobre sucesións e doazóns. En 2015 realizouse un total de 659 informes dos cales o 51% foron negativos. Iso supuxo incrementar as bases liquidables declaradas polos contribuíntes en 24.179.631€ o que tivo un efecto en cota, segundo tipos medios de gravame, de 1.989.327€.

Tamén hai que sinalar a realización de informes non asociados a procedementos realizados pola inspección, normalmente solicitados por outros órganos da mesma administración, referidos a cuestións tributarias dos propios órganos solicitantes ou derivados das súas funcións.

4.2. Departamento central de valoracións

O Departamento Central de Valoracións exerce, entre outras, as seguintes funcións:

- a) A dirección técnica dos equipos de traballo dedicados ao estudo e a investigación do valor de mercado dos inmobles.
- b) O estudo, análise e proposta das condicións técnicas necesarias para a explotación da información catastral.
- c) A análise e proposta dos criterios técnicos a utilizar polos facultativos en desenvolvemento das súas actuacións.
- d) A emisión de ditames e outras actuacións relacionadas coa valoración e recoñecemento de bens, dereitos e actividades de natureza inmobiliaria, así como a confección, conservación e actualización dos censos e rexistros fiscais correspondentes.
- e) A realización de traballos facultativos propios das obras de construción, reforma, conservación e reparación dos inmobles adscritos á ATRIGA, así como a recollida periódica de información sobre o seu estado de conservación, sistemas de seguridade e adecuación á normativa vixente.
- f) O control e inspección dos usos pola propia ATRIGA dos seus bens inmobles, así como a elaboración de propostas para a súa mellor aplicación, sobre as distribucións e aproveitamento de espazos.
- g) O estudo, deseño e proposta dos sistemas e procedementos que se vaian utilizar nas actuacións de valoración e do sistema de información e estatística relativa aos resultados das devanditas actuacións.
- h) A proposta de instrucións ou circulares no seu ámbito de competencias.

O departamento central de valoracións conta cun xefe do departamento que se encarga de realizar os labores de investigación do valor de mercado dos inmobles e da coordinación análise e proposta dos criterios técnicos a utilizar polos facultativos en desenvolvemento das súas actuacións.

Territorialmente conta con unidades facultativas compostas por funcionarios coa titulación axeitada para a realización de informes periciais de bens inmobles rústicos e urbanos.

É preciso sinalar a importancia que as valoracións de inmobles teñen nos impostos cedidos, dado que os máis importantes tanto dende o punto de vista recadatorio como dende o número de expedientes (ISD e ITP-AXD) teñen como base imponible o valor real dos bens e dereitos transmitidos.

Para a realización das comprobacións de valor dos bens inmobles utilízanse basicamente tres dos sistemas dos previstos no artigo 57 da LXT: a valoración por coeficiente sobre valor catastral, os prezos medios e o ditame de peritos da administración.

A gran novidade para 2015 foi a incorporación do medio de valoración consistente en aplicar un coeficiente sobre o valor catastral, medio de valoración que se aplica ós bens de natureza urbana. Este medio de valoración ten coma vantaxes: a seguridade xurídica, ao establecer un criterio de valoración obxectivo, común e homoxéneo en todo o territorio; información do valor real a efectos fiscais do ben que vaia a ser obxecto de adquisición ou transmisión; explicación con detalle do sistema de cálculo utilizado e vinculación á Administración tributaria co valor publicado. Ademais, ao tomar como referencia ao valor catastral, valor coñecido polos contribuíntes por ser a base imponible do imposto sobre bens inmobles, outórgalle máis simplicidade e unha acomodación directa do valor resultante ás circunstancias específicas do ben concreto que é obxecto de comprobación e que están intrinsecamente recollidas no cálculo do valor catastral, valor que foi obxecto dun relatorio á que os contribuíntes tiveron acceso. Pola súa banda, a Administración dispón dun medio de valoración que dota de máis axilidade e eficacia a tramitación dos expedientes, circunstancia que tamén redunda en beneficio do cidadán. A metodoloxía técnica utilizada para o cálculo dos coeficientes multiplicadores, os coeficientes resultantes da devandita metodoloxía e o período de tempo de validez son obxecto de aprobación e publicación nunha orde anual.

Como consecuencia da introdución do sistema anterior, o medio de valoración consistente en prezos medios de mercado quédase para aqueles bens inmobles rústicos que polas súas características non singulares son susceptibles de adaptarse aos devanditos prezos medios. Para iso elabórase con carácter anual unha orde que recolle os prezos medios por zonas ademais de todos os coeficientes singularizadores necesarios para adaptar o valor da orde ao ben en concreto.

Cando o ben inmovible obxecto de valoración non se axusta ao ámbito obxectivo establecido na orde de coeficientes ou de prezos medios, é obxecto dun ditame pericial de carácter individual. Para iso o perito poderá tomar como base para o seu ditame a súa propia experiencia persoal documentada, ou os estudos de mercado realizados pola ATRIGA e que serviron de base para a elaboración da orde de prezos medios.

En 2015 rexeu, ata o 30 de xuño do 2015, tanto para bens de natureza urbana coma rústica, a Orde do 29 de decembro de 2014 pola que se desenvolve o medio de comprobación de valores de prezos medios de mercado aplicable a determinados inmobles rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galicia, e se aproban os prezos medios no mercado aplicables no exercicio 2015 (DOG 31/12/14). A partir do 1 de xullo de 2015, entra en vigor a Orde do 29 de xuño de 2015 pola que se aproban os coeficientes aplicables ao valor catastral para estimar o valor real de determinados bens inmobles urbanos para os efectos da liquidación dos feitos impositivos do ITP-AXD e do ISD, se establecen as regras para a súa aplicación e se publica a metodoloxía seguida para a súa obtención (DOG 30/06/15). Como consecuencia, nos últimos 6 meses do ano, os prezos medios

aplícanse exclusivamente ós bens de natureza rústica, e o novo sistema de coeficientes ós bens de natureza urbana.

Durante 2015 seguiu a evolución do mercado inmobiliario e elaborouse a orde que marcará os coeficiente e os prezos para 2016. Esta é a Orde do 28 de decembro de 2015 pola que se regulan os medios de comprobación do valor dos bens inmobles que se utilizarán, dos previstos no artigo 57 da LXT, no ámbito do ISD e ITP-AXD, así como a normativa técnica xeral (DOG 30/12/15). Como novidade, esta orde incorpora tamén a normativa técnica xeral aplicable aos procedementos de comprobación de valor de bens inmobles con especial referencia ós procedementos de valoración por valor de custo e de comparación hipotética.

Para a elaboración destas ordes adquirense estudos de mercado das máis importantes taxadores homologadas polo Banco de España que operan en territorio desta comunidade autónoma, ademais de contar coa información proporcionada polos propios contribuíntes na súa declaracións tributarias. Os devanditos datos son procesados estatisticamente para obter os valores de referencia de mercado que figuran na orde.

A orde publícase no DOGA para o seu coñecemento polos contribuíntes e habilítase unha ferramenta informática na páxina web da ATRIGA que facilita o devandito cálculo.

4.2.1. Solicitudes de información dos valores dos ben inmobles

As valoracións que os contribuíntes realizaron na páxina web durante o 2015 ascenderon a 341.891, fronte ás 333.636 do ano 2014, cun incremento fronte ao ano de anterior dun 2,5%, coa seguinte desagregación por tipoloxía:

Valoracións			
Tipo de ben	2014 (número)	2015 (número)	Variación (%)
Construción Industrial	3.153	2.750	-12,8%
Chan Rústico	216.395	232.511	7,4%
Vivenda Colectiva	77.923	71.568	-8,2%
Vivenda Unifamiliar	36.165	35.062	-3,0%
Total	333.636	341.891	2,5%


Durante 2015 realizáronse 1.631 valoracións previas derivadas do artigo 90 da LXT que recoñece o dereito do contribuínte a solicitar unha valoración previa dos bens que vaian ser obxecto de adquisición ou transmisión. A elaboración desa valoración previa solicítase sobre todo naqueles bens que non son susceptibles de ser valorados pola orde de prezos medios.

4.2.2. Actuacións de comprobación do valor de bens inmobles

Cando o ben inmueble obxecto de valoración non se axusta ao ámbito obxectivo establecido na orde de prezos medios, é obxecto dun ditame pericial de carácter individual. Para iso o perito poderá tomar como base para o seu ditame a súa propia experiencia persoal documentada, ou os estudos de mercado realizados pola ATRIGA e que serviron de base para a elaboración da orde de prezos medios.

○ número de valoración por ditames de peritos en 2015 foi de 44.178, e por prezos medios e coeficientes foi de 107.758.

○ número de bens valorados en 2015 foi de 517.557, é dicir, 2.012 máis que no ano 2014, no que foron obxecto de valoración 515.545 bens.



Ademais realizáronse 1.955 valoracións para outras CCAA en virtude do principio de colaboración interadministrativa.

5. ÁREA DE RECADACIÓN

5.1. Organización e funcións

A xestión recadatoria consiste no exercicio da función administrativa conducente á realización dos créditos tributarios e demais de dereito público establecidos a favor da Facenda Pública de Galicia.

Corresponde á esta Área as funcións en materia de recadación que se prevén na LXT e no Regulamento xeral de recadación, entre outras:

- a) Planificar e coordinar a xestión recadatoria competencia da Axencia.
- b) A coordinación entre os órganos da ATRIGA e demais órganos ou entes da Comunidade Autónoma que desempeñen funcións de xestión recadatoria dos ingresos de dereito público.
- c) A autorización, supervisión e control das contas restrinxidas de recadación, así como o réxime de funcionamento dos ingresos das entidades colaboradoras.
- d) A supervisión da actuación dos órganos de recadación.

Esta xestión recadatoria lévase a cabo polos seguintes órganos de recadación:

- Na esfera central pola Área de Recadación, que conta co Departamento Central de Recadación.
- Na esfera territorial polos departamentos de recadación das Delegacións Territoriais e as Zonas de Recadación.

A actividade recadatoria da ATRIGA desenvólvese en dous procedementos distintos, en función do estado temporal das débedas: en período voluntario respecto de todos os ingresos de dereito público de que sexan titulares órganos encadrados na Administración Xeral e en período executivo de ingresos dos anteriores órganos e de ingresos de Organismos Autónomos e outros entes públicos da Xunta de Galicia.

Os ingresos sobre os que se proxecta esta actividade recadatoria poden ser:

- a) Tributarios:
 - Tributos propios. A Axencia Tributaria de Galicia realiza actuacións tanto en período voluntario como executivo no IDMAE, ICA, CE e taxas, e en período executivo no CA.
 - Tributos cedidos, tamén a actuación da Axencia Tributaria de Galicia comprende os dous períodos de recadación do ISD, ITP e AXD, tributación sobre o xogo; e respecto do IP todas as actuacións excepto a recadación por autoliquidación presentado dentro do prazo regulamentario.
- b) Non tributarios:

Nesta categoría inclúense todos aqueles ingresos de dereito público que non teñen o carácter de ingresos tributarios e a xestión, entendida como actividade administrativa que xera e define a contía do ingreso, é levada a cabo polos órganos non encadrados na ATRIGA.

De entre este tipo de ingresos, de unha gran diversidade, pódense citar, pola súa importancia e frecuencia:

- As sancións administrativas impostas por distintos órganos das Consellerías e que se recadan, tanto en período voluntario como executivo e só en executiva cando son sancións de organismos autónomos ou entes públicos, polos órganos de recadación da ATRIGA.
- Os reintegros de axudas e subvencións nos supostos previstos na Lei de Subvencións de Galicia e cuxa recadación, tamén tanto en período voluntario como executivo, e

con respecto a calquera órgano da Xunta, incluídos os Organismos Autónomos corresponde aos órganos de recadación da ATRIGA.

5.2. Resultados das actuacións de recadación


A continuación expóñense os datos de dereitos recoñecidos netos e de recadación correspondentes ao exercicio 2015 en comparación co ano 2014, relativos aos impostos xestionados pola ATRIGA:

M€	DRN 2014	DRN 2015	REC 2014	REC 2015	DRN 2015/2014	REC 2015/2014
Tributos cedidos	585,6	563,3	560,4	543,0	-3,8%	-3,1%
ISD	251,0	180,9	234,3	165,1	-27,9%	-29,5%
IP	67,8	67,1	67,7	67,0	-1,0%	-1,0%
ITP-AXD	225,4	264,1	216,8	260,5	17,2%	20,2%
Tributación sobre o xogo	41,4	51,2	41,7	50,3	23,5%	20,8%
Tributos propios	38,1	41,7	37,7	41,6	9,4%	10,3%
IB	0,0	0,0	0,0	0,0	-	-
ICA	2,9	4,5	2,9	4,5	55,5%	57,1%
IDMAE	12,0	14,0	12,0	13,9	17,0%	16,6%
CE	23,2	23,2	22,9	23,2	-0,1%	1,2%
TOTAL TRIBUTOS	623,7	605,0	598,1	584,6	-3,0%	-2,3%

5.3. Aprazamentos e fraccionamentos

Conforme á normativa tributaria a Administración poderá conceder aprazamentos e fraccionamentos da débeda tributaria, sendo necesaria a prestación de garantías agás nos supostos nos que o importe a aprazar e fraccionar non supere os 18.000 euros (dende o ano 2009).

De seguido amósase a evolución destes aprazamentos e fraccionamentos dende o ano 2005 (en millóns de euros):



Durante os anos 2005 e 2008 concedéronse aprazamentos por un importe medio anual de 10,1 M€ e entre os anos 2009 e 2015 o importe medio anual ascendeu a 23,7 M€.



XUNTA
DE GALICIA